



EVA MARÍA SOUTO GARCÍA, Secretaria de la Facultad de Derecho de la Universidad de A Coruña,

CERTIFICA

Que na sesión da Comisión de Docencia que tivo lugar o día 1 de decembro de 2014 aprobáronse os seguintes criterios rectores para a elaboración do TFG:

- a) En relación co tipo de titorización: establece que se trata dunha titorización unicamente formal, que non material. Polo tanto, o/a titor/a cumpre co seu cometido asesorando o/a estudante sobre os aspectos formais, non estendéndose a súa función como titor/a a comprobación do fondo do traballo.
- b) En relación coas titorías mínimas que o/a alumno/a debe de ter co/a titor/a: non se establecen máximos pero si se establece que, como mínimo, un mes antes da data de peche do prazo de depósito do traballo o/a estudante teña realizado unha titoría co/a titor/a.
- c) En relación coa extensión do traballo: fíxase unha extensión máxima de 50 folios -os adxuntos non computan a efectos de determinar a extensión máxima do traballo-. Non se fixa unha extensión mínima. Polo que se refire aos criterios de redacción, farase en papel DIN A-4, letra Times New Roman, 12, en texto, e 10 en notas ao pé da páxina, con espazado interlineal sinxelo, tal e como se dispón no Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Dereito (modificado pola Comisión de Docencia do día 3 de maio do 2013).
- d) En relación co informe do/a titor/a: establécese que son criterios bastantes para emitir informe desfavorable o feito de que o/a alumno/a non responda a tódalas cuestións formuladas no caso elixido ou que o/a alumno/a non cumpra co establecido no punto b). No resto dos casos o/a titor/a será o que decida se o informe é favorable ou desfavorable segundo o seu criterio.
- e) En relación coa titorización de alumnos/as que estean cursando materias noutra universidade con motivo dos programas de mobilidade: establécese que cando se nomeen os/as titores/as terase en conta o decisión dos docentes de non asumir a titorización dos/as alumnos/as que se atopen na situación arriba sinalada. Neste caso, os/as titores/as deberán comunicar a non asunción de tarefas de titorización de alumnos/as que estean cursando materias noutra universidade con motivo dos programas de mobilidade. A comunicación faráselle ao Departamento correspondente antes ou no momento de que este realice a proposta de titores/as para cada curso académico.

E para que así conste aos efectos oportunos, firmo a presente certificación, en A Coruña a 4 de decembro de 2014.


Asdo. Eva María Souto García
Secretaria da Facultade

